

Desde a CiUG presentouse unha alegación solicitando que o Ministerio sinale as porcentaxes para cada un dos bloques que integran o currículo desta nova materia, se ben a día de hoxe non se tivo resposta. Xa que logo, faise a proposta que se pode ver, suxeita a cambios no caso de que o Ministerio de Educación e Formación Profesional finalmente decida publicar as matrices de especificación.

Bloque de Contidos	Criterios de Avaliación	Peso orientador
Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento.	<p>CA1.2. Comunicar e difundir de forma clara e comprensible o proxecto definido elaborándoo e presentándoo coa documentación técnica necesaria.</p> <p>CA1.5. Analizar os distintos sistemas de enxeñaría desde o punto de vista da responsabilidade social e da sustentabilidade estudando as características de eficiencia enerxética asociadas aos materiais e aos procesos de fabricación.</p>	<i>Estes contidos e criterios de avaliación son comúns a todos os bloques e trataranse de forma transversal.</i>

Bloque de Contidos	Criterios de Avaliación	Peso orientador
<p>Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento.</p> <p>Bloque 2. Materiais e fabricación</p>	<p>CA2.1. Analizar a idoneidade dos materiais técnicos na fabricación de produtos sustentables e de calidade considerando as súas propiedades básicas e a súa estrutura interna.</p> <p>CA2.2. Analizar diferentes métodos de ensaio das propiedades mecánicas dos materiais comprendendo a utilizade de cada un deles.</p> <p>CA2.3. Escoller os tratamentos de modificación máis adecuados para a mellora das propiedades básicas dos materiais.</p>	15%

Bloque de Contidos	Criterios de Avaliación	Peso orientador
<p>Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento.</p> <p>Bloque 3. Sistemas mecánicos</p>	<p>CA3.1. Calcular e montar estruturas sinxelas estudando os tipos de cargas a que se poidan ver sometidas e a súa estabilidade.</p> <p>CA3.2. Analizar as máquinas térmicas: máquinas frigoríficas, bombas de calor e motores térmicos, comprendendo o seu funcionamento e realizando simulacións e cálculos básicos sobre a súa eficiencia.</p> <p>CA3.3. Interpretar e solucionar esquemas de sistemas pneumáticos e hidráulicos a través de montaxes ou simulacións e comprendendo e documentando o funcionamento de cada un dos seus elementos e do sistema na súa totalidade.</p>	40%

Bloque de Contidos	Criterios de Avaliación	Peso orientador
<p>Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento.</p> <p>Bloque 4. Sistemas eléctricos e electrónicos</p>	<p>CA4.1. Interpretar e resolver circuitos de corrente alterna mediante montaxes ou simulacións identificando os seus elementos e comprendendo o seu funcionamento.</p> <p>CA4.2. Experimentar e deseñar circuitos combinacionais e secuenciais físicos e simulados aplicando fundamentos da electrónica dixital e comprendendo o seu funcionamento no deseño de solucións tecnolóxicas.</p> <p>CA4.3. Resolver problemas lóxicos reais aplicando fundamentos da electrónica dixital e poñelos en práctica mediante montaxes ou simulacións.</p>	30%

Bloque de Contidos	Criterios de Avaliación	Peso orientador
<p>Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento.</p> <p>Bloque 5. Programación, automatización e control</p>	<p>CA5.1. Comprender e simular o funcionamento dos procesos tecnolóxicos baseados en sistemas automáticos de lazo aberto e pechado.</p> <p>CA5.2. Aplicar técnicas de simplificación a sistemas automáticos obtendo a función de transferencia simplificada.</p> <p>CA5.3. Analizar a estabilidade dun sistema de control sinxelo experimentando con simuladores.</p> <p>CA5.4. Coñecer e avaliar sistemas informáticos emerxentes e as súas implicacións na seguridade dos datos, analizando modelos existentes.</p>	<p>15%</p>